

Exercicio cohesión

No seguinte texto os enunciados son sintáctica e semanticamente correctos pero en conxunto a información non é coherente, pois aparece mesturada de forma ilóxica. O texto tampouco presenta cohesión, pois as súas cláusulas non aparecen relacionadas nin ordenadas e só están separadas por puntos.

Intenta transformalo nun texto coherente e cohesionado:

Nesta cidade hai un zoolóxico. As guías turísticas da cidade recomendan visitar o parque. No zoolóxico atopamos moitos animais. O zoolóxico está nas aforas da cidade, a carón dun fermoso parque natural. Hai dous anos sufriu un incendio. O pasado mes remataron os traballos de remodelación. O Concello ten problemas para a subvención de todas as obras. Estiveron en obras máis dun ano. A recuperación foi case total. Varios animais foran traídos de Asia. Estes animais tiveron algún problema de adaptación.

SOLUCIÓN POSIBLE

- As guías turísticas da cidade recomendan visitar o seu importante parque zoológico, situado nas aforas, a carón dun fermoso parque natural.
- O zoológico sufriu hai dous anos un incendio, o que obrigou a unha serie de obras de remodelación que se desenvolveron durante un ano. Aínda que o concello tivo problemas para facerse cargo de todas esas obras, finalmente os traballos remataron hai un mes. A recuperación foi case total, mesmo traendo animais desde Asia, se ben algúns dos procedentes dese continente tiveron certos problemas de adaptación.